

## ANUNCIO

O alcalde o día 11/06/2026 ditou a seguinte Resolución con número 360/2026:

### “RESOLUCIÓN

**EXPEDIENTE:** LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA A PROVISIÓN DE 3 PRAZAS DE CONDUTOR DE MOTOBOMBA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRAINCENDIOS FORESTAIS

EXPEDIENTE: 2026/E001/000007

### ANTECEDENTES:

Logo de ver as Bases da convocatoria para a provisión con carácter laboral temporal por concurso-oposición de 3 prazas de condutor de motobomba de prevención e defensa contraincendios forestais para o Concello de Melide modalidade de contrato de duración determinada, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/05/2026.

Logo de ver a certificación de data 08/06/2026 da encargada do Rexistro Xeral de Entradas e Saídas do Concello de Melide, na que se fai constar as instancias presentadas dentro do prazo, en relación ao proceso de selección de 3 prazas de condutor de motobomba de prevención e defensa contraincendios forestais para o Concello de Melide.

Logo de ver o informe da técnica de Administración Xeral de data 09/06/2026 e asunto: *“Informe listaxe provisional admitidos/as e excluídos/as proceso selección con carácter laboral temporal por concurso-oposición de 3 prazas de condutor de motobomba de prevención e defensa contraincendios forestais para o Concello de Melide. EXPEDIENTE: 2026/E001/000007”*

Logo de ver a base: *“4 ADMISIÓN DE CANDIDATOS  
A listaxe provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as aprobarase por Resolución da Alcaldía e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello no prazo mínimo de 2 días hábiles. Os/as aspirantes disporán dun prazo de 5 días naturais para a corrección.*

*No prazo de corrección non se poden alegar méritos non alegados coa solicitude inicial, nin aboar a taxa. No suposto de non existir aspirantes excluídos/as prescindirase deste trámite (...)”*

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** aprobar a seguinte listaxe definitiva de admitidos/as para as probas que darán lugar a devandita contratación.

### ADMITIDOS/AS:

	NOME	DNI/OUTROS
1	DANIEL S. G.	***5257**
2	MARIO S. R.	***8023**
3	ÓSCAR V. A.	***4915**

4	SANTIAGO C. G.	***9046**
---	----------------	-----------

EXCLUÍDOS: NINGUÉN

**SEGUNDO:** logo de ver o informe de Secretaría e Intervención con referencia: 8, do 02.03.2022 de asunto: contratacións laborais temporais, modificacións de contratos e xestión de persoal, e en concreto o seu apartado 3 refírese á regulación do Tribunal ou Comisión Seleccionadora; estará composta polos seguintes membros:

- PRESIDENTE:

Titular: Juan Carlos Curros Vázquez (alguacil, Concello de Melide)

Suplente: Miguel Codesido Gómez (xefe brigada, Consellería Medio Rural)

- SECRETARIA/O:

Titular: M<sup>a</sup> José Enjamio Vázquez (auxiliar adm, Concello de Melide)

Suplente: Jesús Manuel Cea Vázquez (administrativo, Concello de Melide).

- VOGAIS:

- Titular: Marta M<sup>a</sup> Castro Tato (AEDL do Concello de Melide)  
Suplente: M.<sup>a</sup> del Mar Guardo García (administrativa do Concello de Melide)
- Titular: M<sup>a</sup> José Ferro Gómez (técnica de orientación laboral do Concello de Melide)  
Suplente: María de la Cruz Mosquera Sánchez (administrativa do Concello de Melide)
- Titular: Sylvia Cea Vázquez (profesora lingua galega IES Ramón M<sup>a</sup> Aller Ulloa de Lalín).  
Suplente: José Benito Novo López (técnico de normalización do Concello de Lugo)

Convócase en chamamento único á Comisión Seleccionadora e aos/as aspirantes para o **mércores 17 de xuño de 2026 ás 10:00 horas** na **NAVE DE OBRAS** sita no recinto feiral do Concello de Melide.

**TERCEIRO:** publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Melide.

Ordeno e asino en Melide, xoves 11 de xuño de 2026. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / Jesús Manuel Cea Vázquez.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Melide, xoves 11 de xuño de 2026.

Asdo: O secretario acctal. / Jesús Manuel Cea Vázquez.